



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA E O CONCELLO DE BANDE PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE PAVIMENTACIÓN DO ENTORNO DO CENTRO SOCIAL DE CALVOS

1.- Competencia

A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, ten atribuídas competencias específicas en materia de urbanismo que exerce a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, ao abeiro do disposto no artigo 13 do Decreto 42/2019, do 28 de marzo (DOG núm. 79 do 25 de abril), polo que se establece a estrutura orgánica da consellería, entre as que se atopan, a realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

2.- Antecedentes

A Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo conta con programas dirixidos á dotación de equipamentos públicos e de mellora de contornas urbanas.

Os equipamentos urbanos desempeñan un papel fundamental como elemento dinamizador de desenvolvemento social e cultural da nosa sociedade e son, ademais, elementos estruturais na contorna urbana.

As intervencións definidas como contornas urbanas recollen as actuacións enfocadas a mellorar o espazo público tendo en conta as necesidades de utilización e en relación coa mellora da contorna, o ambiente e a calidade de vida.

O conxunto de vilas dispersas pola nosa xeografía, articulan e centralizan a vida económica, social e cultural do territorio que se atopa baixo a súa área de influencia. Constitúen verdadeiros motores de dinamización social e económica ao converterse en puntos de localización dun importante número de servizos públicos e privados que permiten achegar o modelo urbano a todo o territorio.





A tal fin e preciso, acometer actuacións orientadas a frear o despoboamento, potenciando as infraestruturas, servizos e equipamentos e, en definitiva, mellorando o benestar e a calidade de vida dos seus habitantes.

A parroquia de Santiago de Calvos, pertencente ao Concello de Bande, agrupa as aldeas de Vilameá, Ribas, Aldea de Arriba e A Igrexa.

A historia demográfica da parroquia de Calvos reflicte un decrecemento discontinuo, que empeza amosar signos de recuperación como reflicte a creación dunha asociación cultural e outra de veciñanza, ambas as dúas sen ánimo de lucro. Así mesmo, levouse a cabo a constitución da comunidade de montes e na actualidade están en proceso de redacción os estatutos para a creación dunha asociación de usuarios de auga, que servirían para dar forma á xestión dalgún dos recursos principais cos que conta a parroquia: o monte e a auga. As reunións destas catro asociacións e diversas actividades e eventos culturais e sociais xiran arredor do centro social e do seu entorno.

O Concello de Bande é consciente da importancia de dotar ás parroquias dun espazo de desenvolvemento sociocultural e de promoción da vida asociativa que canalice a participación cidadá.

O proxecto que pretende acometer é o acondicionamento da zona de espaxamento existente na contorna inmediata do centro social de Calvos, coa finalidade de mellorar as condicións de ornato, salubridade, seguridade de utilización e funcionalidade do lugar, dotando así as súas instalacións das condicións de uso necesarias e adecuadas para que os veciños poidan levar a cabo as actividades que nel se desenvolven favorecendo a cohesión social da veciñanza.

Tendo en conta estes condicionantes, o Concello de Bande, mediante escrito do 15 de novembro de 2023, solicitou unha axuda para o financiamento da execución das obras de pavimentación do entorno do centro social de Calvos.

Acredítase deste xeito que se trata dunha circunstancia singular e sobrevida, que xustifica a tramitación deste convenio, para que o concello afectado poida dispoñer dun equipamento municipal adecuado para a realización de actividades de ocio, recreativas, culturais e de lecer, mellorando deste xeito a calidade vida dos seus cidadáns e do público en xeral.





3.- Finalidade

A actuación obxecto do acordo constitúe unha das principais liñas de acción da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, no marco do urbanismo responsable que promove, e que busca potenciar os valores e recursos do medio rural e natural de Galicia para frear o seu despoboamento. Para estes efectos tense previsto formalizar co concello de Bande o instrumento convencional arriba referido, que producirá efectos a partir da data da súa sinatura e estará vixente ata o 31 de decembro de 2023, sen prexuízo de que ambas as partes acorden unánimemente unha prórroga por un período máximo dun ano adicional en calquera momento antes da finalización do prazo de vixencia, en cumprimento das previsións recollidas no artigo 49. h) da Lei 40/2015.

4.- Obxecto

O obxecto do Convenio é establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o Concello de Bande para o financiamento da execución das obras de pavimentación do entorno do centro social de Calvos, cun orzamento total de corenta e oito mil trescentos noventa e oito euros con setenta e nove céntimos (48.398,79 €) IVE engadido, do que a Xunta asume o compromiso de financiar o 100% do seu custo.

5.- Fundamentos do instrumento convencional

Constitúen as razóns de oportunidade, as manifestacións do concello no seu escrito do 15 de novembro de 2023, por canto considera necesaria e prioritaria a mellora do contorno do centro social de Calvos, co obxecto de dispoñer dun equipamento municipal adecuado para a realización de actividades de ocio, recreativas, culturais e de lecer, mellorando deste xeito a calidade vida dos seus cidadáns e do público en xeral.

Para a tramitación do convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA

Santiago de Compostela, na data da sinatura, a Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, María Encarnación Rivas Díaz

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA
Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurbanismo@xunta.gal
www.xunta.gal

CVE: qgKSm7T1Bx68
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>

